



PLAN DE ENSINO VIRTUAL DIANTE DA COVID19





Índice

Confinamento.....	3
Primeiro paso.	3
Consideracións xerais	3
Actuación para 1º e 2º curso.....	3
Actuacións para 3º e 4º	4
Actuacións para 5º e 6º	4
Outras interaccións nos recursos dixitais do centro:	5
Atención á diversidade	5
O profesorado.....	5
Seguemento de asistencia.....	6
Información á Xefatura de Estudos	6
Integración coa actividade presencial	6
Para alumnado puntual en confinamento.....	6
Prácticas de teleformación no colexio.	7
Vixencia.....	7



PLAN DE ENSINO VIRTUAL DIANTE DA COVID19

Introdución

Por circunstancias do COVID19, debemos contemplar a posibilidade real de alumnado que parcialmente poida ter que quedarse en casa. E tamen que sexa a totalidade do grupo ou do colexio. Así pois, no presente documento establécese o procedemento para estas circunstancias.

A actividade lectiva ordinaria durante este curso, plasma na aula virtual os contidos, tarefas e propostas que se realizan na presencialidade. Deste xeito, no caso de ausencia forzosa de parte do alumnado, poderán seguir a actividade lectiva a través da plataforma. Así pois, contemplamos neste documento as posibilidades de ausencia de alumnado ou profesorado por cuestións de cuarentena, e a resposta paralela á actividade lectiva presencial.

Confinamento

No caso de confinamento xeral das aulas (dunha, de varias ou de todas) procederase da seguinte maneira:

Primeiro paso

Comunicarase por abalarmobil a todas as familias o cambio de modelo de ensino, e remitirase á páxina web do centro onde se informa sobre este plan de continxencia.

Consideracións xerais

O alumnado e profesorado manterán activa a práctica docente a través dos medios tecnolóxicos dispoñibles, utilizando para comunicación directa a videoconferencia Webex Cisco, e para as tarefas a realizar a aula virtual creada xa para cada grupo. Utilizarase tamén na comunicación directa cos responsables a mensaxería abalarmobil.

Establécese un horario de actividades que se acompaña no documento. Este horario é equivalente ao horario presencial nos momentos das actividades lectivas, respectándose en todo momento nos grupos de clase os tramos horarios de cada profesor en presencialidade.

E obrigatoria a asistencia virtual segundo este horario, e a ausencia do alumno implicará unha falta de asistencia que o titor/a terá que xustificar. Esta obrigatoriedade de presenza non é aplicable para o alumnado de 1º e 2º curso, que flexibilizarán os tempos de comunicación co profesorado, dada a súa maior dependencia dos titores legais.

A totalidade do profesorado empregará a aula virtual (para 5º e 6º farán propostas indistintamente na aula virtual e na plataforma EDIXGAL).

Actuación para 1º e 2º curso

Establecerase como referencia o horario espello da presencialidade (horario equivalente ao do colexio).

En cada sesión lectiva do profesorado, este estará activo na súa clase, podendo realizar videoconferencias, ou interactuando co alumnado a través da aula virtual e da mensaxería abalar. A ausencia do alumno nas videoconferencias non implicará falta de asistencia, aínda que a realización de tarefas programadas na aula virtual deberá facerse con continuidade, debendo estar rematadas as de cada día, ao día seguinte. Na



circunstancia de que non se fixeran estas tarefas, o titor/a contactará coa familia para que xustifiquen esta falta de actividade. **Excepcionalmente**, e por cuestións técnicas, podería empregarse outras vías de comunicación dixitais que garantizaran esa comunicación fluída.

As tarefas propostas na aula virtual poden ser sobre contidos dixitais, sobre os textos físicos oficiais ou sobre material impreso previamente e a disposición do alumnado na súa casa.

Os titores comprobarán por medio dun rexistro as comunicacións realizadas co alumnado, que terán que ser como mínimo semanais, e rexistrarán tamén as tarefas entregadas, asegurando o prazo (no día seguinte á súa proposta). Os profesores especialistas actuarán de igual modo, e informarán aos titores das incidencias por falta de realización de tarefas, que neste caso terán un prazo de entrega na seguinte sesión lectiva da súa especialidade.

Os titores realizarán comunicacións frecuentes cos pais, usando preferentemente os horarios correspondentes a recreos e momentos lectores, ou noutros momentos posibles da xornada lectiva.

Actuacións para 3º e 4º

Establecerase como referencia o horario de presencialidade.

As horas dos especialistas manteranse exactamente igual que no horario do colexio.

As horas de titoría, dentro do mesmo marco horario, poderán modificar o reparto das áreas para favorecer a concentración en cada tramo lectivo. Esta modificación non supón variación na carga semanal de cada unha delas.

En cada momento lectivo establecerase un horario de videoconferencia Cisco Webex que ocupará como referencia o 60% do tempo completo da sesión (30' para as sesións de 50'). No caso de sesións contiguas, esta conexión incrementárase proporcionalmente.

Por cuestións técnicas tamén poderá puntualmente substituírse a videoconferencia por comunicacións de mensaxería instantánea, foros ou similares na aula virtual.

Nesta conexión o profesorado interactuará co alumnado desenvolvendo actividade curricular segundo a programación didáctica.

Asignaranse tarefas ao alumnado que terán que entregar en tempo e forma, sendo avaliadas conforme á programación.

Controlará tamén as ausencias, rexistrándoas en XADE, e requerindo posteriormente a xustificación. Cando a xustificación obedeza a cuestións técnicas, poderá xustificarse a falta, sempre que haxa evidencias de que o problema é real.

Sendo así, e nos casos de persistencia neses problemas técnicos, dende o centro solicitarase actuacións a través da Inspección educativa para que se poida solucionar o problema (facilitar recursos á familia).

Actuacións para 5º e 6º

Nestes curso aplicaremos o mesmo criterio que con 3º e 4º, pero utilizarase como referencia de aula virtual o espazo EVA ou a propia aula virtual, a criterio dos profesores.

Neste sentido, cada unha das áreas curriculares deberá determinar con claridade o soporte utilizado (aula virtual ou espazo EVA), e tamén poderán utilizarse de forma conxunta, sempre que o alumnado coñeza con claridade o lugar no que terá que buscar as tarefas a realizar, e teña un itinerario claro.

Así pois, haberá tamén horarios con referencia nos horarios de presencialidade (ver horarios adxuntos).

En cada momento lectivo establecerase un horario de videoconferencia Cisco Webex que ocupará como referencia o 60% do tempo completo da sesión.



Nesta conexión o profesorado interactuará co alumnado desenvolvendo actividade curricular segundo a programación didáctica.

Puntualmente, con algún alumno ou coa totalidade, cando as circunstancias o aconsellen, poderá reemplazarse esta videoconferencia por chats instantáneos que aseguren a conexión do alumnado, dentro das propias plataformas de aula virtual ou espazo EVA.

O 40% restante do tempo adicarase á realización de tarefas relacionadas coa sesión lectiva.

Outras interaccións nos recursos dixitais do centro

A páxina web continuará a ter unha función de conexión coa comunidade educativa.

Na portada publicaranse informacións importantes do momento.

Nas distintas seccións dos bloques laterais publicaranse informacións de interese para o alumnado e familias, traballos realizados, videos de propostas, taboleiros de anuncios, etc. Será por tanto un recurso divulgativo, en lugar do papel de asignación de tarefas que tivo o curso anterior no período do confinamento.

Atención á diversidade

Definimos como profesorado de apoio no centro ao profesorado de PT, de AL e ARCO.

O alumnado que en horario presencial recibe apoio por profesorado especialista, continuará recibindo este apoio a través de videoconferencia, segundo este esquema:

Cando se trata de apoio sobre o desenvolvemento curricular: o alumno asistirá á clase no período de conexión, xunto coa profesora de apoio. Unha vez rematada a conexión, ou mesmo antes do remate, desconectarase da sala da clase, e conectarase na sala da profesora de apoio, para recibir indicacións e axuda para conseguir realizar as tarefas ou aprendizaxes marcadas para o grupo.

Cando se trata de necesidades máis específicas, utilizará toda a sesión lectiva para unha conexión directamente coa profesora de apoio.

Estas determinacións marcaranse a través do Departamento de Orientación e irán experimentando variacións en función dos resultados e das necesidades que se vaian definindo, de acordo co plan de actuación trimestral deste departamento.

O alumnado da aula específica recibirá unha atención personalizada pola súas profesoras, e nun horario de conexión máis reducido, con apoio dos seus titores legais para asignar tarefas a realizar na casa.

O profesorado

A totalidade do profesorado acredita capacidade e coñecementos para manexar a aula virtual e os demais recursos dixitais empregados nesta circunstancia.

O seu horario de traballo manterase igual.

A presencialidade no centro será optativa, podendo realizar as súas funcións dende casa, sempre que garantice as condicións tecnolóxicas e ambientais de conectividade e dispoñibilidade.

Esta opción de teletraballar dende casa non será posible nos casos de confinamentos de aulas puntuais nos que o profesor manteña obrigas presenciais no centro (clases noutros grupos presenciais, gardas, etc)

Dentro do seu horario, adicará os espazos dispoñibles para realizar **tutorías** coas familias e cos alumnos/as. Con carácter xeral, estes momentos serán:



- Diariamente, o tramo horario de 12:10 a 13:h
- Os mércores, de 9:00 a 9:30 h
- Os martes, de 16:00 a 18:00 sempre que non solapen outras reunións de coordinación que neste tramo son prioritarias.
- Calquera outro momento da semana, cando haxa acordo entre profesor e familia, e sempre que non interrompa outras tarefas e obrigas.

Seguemento de asistencia

Os titores e os especialistas rexistrarán en XADE as ausencias do alumnado diariamente. Cando as ausencias á conexión se producen na clase dun especialista, este comunicará ao titor para que sexa el quen demande a xustificación.

O titor, unha vez recibida por parte da familia a xustificación da falta, poderá xustificala ou non, dependendo da razón alegada. Nos casos de motivos tecnolóxicos, contarase coa circunstancia global da conectividade en Tomiño, e nas súas diferentes zonas, con moitas lagoas.

No caso de alumnos con problemas de conectividade persistentes, cursarase demanda a través da Inspección Educativa para que se poida solucionar este problema.

Información á Xefatura de Estudos

Semanalmente remitirase documento de seguimento da actividade lectiva por parte dos titores e dos profesores especialistas, así como o profesorado de apoio.

Integración coa actividade presencial

Na medida do posible, o tempo escolar transcurrido nun confinamento, adecuarase á programación establecida con relación aos contidos e competencias a desenvolver, de maneira que cando se retorne á presencialidade, continuarase a actividade lectiva con normalidade, recollendo toda a información adquirida nese período con relación á avaliación e aos novos contidos.

Neste sentido, a posta ao día da aula virtual en todo momento durante o curso facilita esta conexión.

Para alumnado puntual en confinamento

Durante o curso tamén se dará a circunstancia de alumnos ou alumnas concretas dunha clase que teñan que facer cuarentena, sen que afecte a toda a clase.

A este alumnado aplicaráselle por subsidiariedade o principio de teleformación contemplando neste documento.

Pero a esixencia de tempos de conexión marcados queda sen valor, dada a imposibilidade de conexión no momento no que o profesor atende ao resto do grupo.

Cada profesor, neste caso, utilizará o seu horario sen alumnado para realizar conexións con este alumnado que lles permita seguir o curso, aclarar dúbidas, ou recibir informacións e instrucións.



Prácticas de teleformación no colexio

Durante as primeiras semanas de vixencia do presente documento realizaranse no colexio prácticas de actividade lectiva online.

Para iso, o alumnado de 5º e 6º conta xa cos equipos e conexións necesarias.

Para o alumnado de 3º e 4º está disponible a aula de informática, con 20 equipos disponibles. A tal efecto, habilítase un horario na sala de profesores no que reservar espazos horarios. Terán prioridade nas dúas primeiras semanas os cursos de 3º e 4º.

Vixencia

Este documento mantén a súa vixencia en tanto dure a situación específica de pandemia COVID 19 que obriga a medidas concretas de actuación.

Horarios espello

1º A					
	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	MAT	LG	CS	MAT	LC
10:30/11:20	LC	CN	MAT	LC	CN
11:20/12:10	CS	MUS	ING	MAT	MAT
12:10/12:35	Titoría coas familias Cisco: 840606051				
12:35/13:00	Titoría coas familias Cisco: 840606051				
13:00/13:50	EF	VAL/R	MAT	ING	LG
13:50/14:40	EF	LC	LC	PLAS	CS

1º B					
	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	LG	LC	CS	MAT	MAT
10:30/11:20	LC	CS	CN	ING	LG
11:20/12:10	MAT	MAT	MAT	ING	VAL/R
12:10/12:35	Titoría coas familias				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	EF	MUS	LG	LC	CN
13:50/14:40	EF	PLAS	LC	LG	CS

**2º A**

	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	LG	VAL/R	ING	LC	ING
10:30/11:20	LG	VAL/R	PLAS	LC	MAT
11:20/12:10	CN	MAT	MAT	MAT	MAT
12:10/12:35	Titoría coas familias				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	MUS	EF	LC	CS	LG
13:50/14:40	CN	EF	LC	CS	LG

2º B

	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	MAT	MAT	MAT	ING	LG
10:30/11:20	CN	LG	LG	MAT	MAT
11:20/12:10	LG	LC	LC	LC	CS
12:10/12:35	Titoría coas familias				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	CS	EF	ING	VAL/R	CN
13:50/14:40	MUS	EF	PLAS	VAL/R	LC

3º A

	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	LG	CS	LC	MAT	MAT
10:30/11:20	EF	ING	LC	MAT	ING
11:20/12:10	EF	CS	LC	MAT	ING
12:10/12:35	Titoría coas familias				
12:35/13:00	Titoría co alumnado				
13:00/13:50	LG	CS	MUS	LC	CN
13:50/14:40	LG	LG	VAL/R	PLAS	CN

3º B

	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	LC	MAT	LG	ING	VAL/R
10:30/11:20	EF	MAT	LG	ING	LC
11:20/12:10	EF	LG	CN	CS	LC
12:10/12:35	Titoría coas familias				
12:35/13:00	Titoría co alumnado				
13:00/13:50	CS	ING	PLAS	LC	MAT
13:50/14:40	CS	CN	MUS	LC	MAT

**4º A**

	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	LC	MAT	LG	MAT	LG
10:30/11:20	ING	MAT	LG	MUS	LG
11:20/12:10	ING	CN	VAL/R	MAT	CN
12:10/12:35	Titoría co alumnado				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	LC	ING	EF	CS	LC
13:50/14:40	LC	CN	EF	CS	PLAS

4º B

	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	LC	MAT	LG	MT	LG
10:30/11:20	LC	MAT	VAL/R	MT	LG
11:20/12:10	LC	ING	LG	MUS	CN
12:10/12:35	Titoría co alumnado				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	ING	CN	EF	CS	LC
13:50/14:40	ING	CN	EF	CS	PLAS

5º A

	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	MAT	ING	LC	MAT	CN
10:30/11:20	MAT	ING	EF	MAT	CS
11:20/12:10	LG	LG	EF	LG	ING
12:10/12:35	Titoría co alumnado				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	CS	LC	VAL/R	MUS	MAT
13:50/14:40	CN	LC	LC	LG	PLAS

5º B

	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	MAT	MAT	MAT	MAT	ING
10:30/11:20	LC	LC	EF	VAL/R	ING
11:20/12:10	LG	ING	EF	LC	LC
12:10/12:35	Titoría co alumnado				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	CN	LG	LG	LG	MAT
13:50/14:40	CN	CS	CS	MUS	PLAS



6º A	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	ING	LC	LG	MAT	LG
10:30/11:20	ING	LC	LG	MAT	MUS
11:20/12:10	MAT	VAL/R	ING	LC	CN
12:10/12:35	Titoría co alumnado				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	CN	MAT	CN	EF	CS
13:50/14:40	CS	MAT	CS	EF	PLAS

6º B	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	MAT	LC	ING	MAT	PLAS
10:30/11:20	MAT	LC	ING	MAT	VAL/R
11:20/12:10	ING	LC	LG	MAT	MUS
12:10/12:35	Titoría co alumnado				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50	CS	LG	CS	EF	CN
13:50/14:40	CS	LG	CN	EF	CN

Aula Específica (Arco da Vella)	lun	mar	mer	xov	ven
09:40/10:30	A.E.	A.E.	A.E.	A.E.	A.E.
10:30/11:20	A.E.	A.E.	A.E.	A.E.	A.E.
11:20/12:10		A.E.	A.E.	A.E.	A.E.
12:10/12:35	Titoría co alumnado				
12:35/13:00	Titoría coas familias				
13:00/13:50				A.E.	A.E.
13:50/14:40				A.E.	A.E.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN PROVISIONAL

Este documento foi informado á comunidade educativa, e aprobado provisionalmente polo equipo directivo.

Vº e Pce, o Director

Handwritten signature of Alfonso Lorenzo Vila

Alfonso Lorenzo Vila



A Secretaria

Handwritten signature of Verónica Mourino Pérez

Verónica Mourino Pérez